

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE MAIO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEvesa CARDELLE
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e un de maio de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte


ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (16/04/2009 e 11/05/2009)

Dáse conta das actas das sesións celebradas os días dezaseis de abril e once de maio do ano que andamos, que son aprobadas por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, do proxecto do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para a dotación de servizos asistenciais na parroquia de Vedra

Visto o proxecto de Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para dotación de servizos asistenciais na parroquia de Vedra e vista a Decisión de 2 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para Dotación de Servizos Asistenciais na parroquia de Vedra, na que se



conclúe a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica o mencionado plan especial; e que este foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13 de xaneiro de 2009.

Considerando que o plan especial mencionado foi sometido a información pública polo prazo de un mes, mediante anuncio publicado no DOG número 30, de data 12 de febreiro de 2009, no xornal La Voz de Galicia de data 20 de xaneiro de 2009 e no xornal El Correo Gallego de data 20 de xaneiro de 2009.

Considerando que con data 16 de xaneiro de 2009, notificouse o trámite de información pública ós propietarios de terreos afectados para que formularsen de ser o caso alegacións.

Considerando que simultaneamente requiríronse os informes da Deputación Provincial de A Coruña e do organismo Augas de Galicia, que non foron emitidos, pese a ser reiterados con data 3 de abril de 2009.

Considerando que durante o período de información pública non se presentaron alegacións e con data 14 de maio de 2009, foi emitido informe polos servizos técnicos municipais.

Examinada a documentación, visto o informe de Secretaría e de conformidade co establecido na lexislación vixente proponse

1º.- Aprobar definitivamente o proxecto do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para dotación de servizos asistenciais na parroquia de Vedra, nos mesmos termos da aprobación inicial ao non terse formulado alegacións.

2º.- Publicar a aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, para os efectos do establecido no artigo 92.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro. Esta publicación deberá realizarse no prazo de un mes dende a data de aprobación definitiva.


Igualmente publicarase a aprobación definitiva xunto coa normativa e as ordenanzas do plan especial no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, todo elo en base ao establecido no artigo 92.2 da mencionada Lei 9/2002, do 30 de decembro.

3º.- Comunicar o acordo de aprobación definitiva, para os efectos oportunos, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, xuntando unha copia autenticada de dous exemplares do plan aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o plan sobre os que tivera recaído acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do concello

Dona Xosefina R. Guitián expón que unicamente quere facer constar que no seu momento cos redactores do Plan Xeral e co Sr. Otero estivera discutindo sobre a posibilidade de atopar outros terreos no concello para servizos asistenciais, contestándolle que iso levaría uns dous anos, e que existía urxencia por parte da Xunta para ubicar un centro de día, e que na comisión informativa se dixo que aínda faltan trámites que levaran un ano, polo que considera que se trata dun pelotazo

A Presidencia contéstalle que o que existiu foi unha negociación co propietario dos terreos, que lle cedeu o concello uns 6.000 metros a cambio do obter a mesma calificación urbanística para a súa finca, e que debería felicitar o equipo de goberno por acadar ese terreo para o concello gratis, en vez de falar de pelotazo.

O Sr. Martínez do PP só quere facer constar que dende fai tempo o seu grupo ven solicitando a realización da obra de ampliación da rede de abastecemento dende Pousada ata o cruce de Trobe, situado ó carón destes terreos onde se pretende ubicar o centro de día.



O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

### **3º.- Aprobación, se procede, das bases para a contratación de persoal temporal**

Dáse conta da proposta en relación coas bases para a contratación de persoal temporal, e que consiste en que as bases para a contratación de persoal temporal se aproben en Xunta de Goberno, previo informe da Comisión Informativa.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que aínda que a súa postura anterior era outra, votará a favor da proposta de que as bases temporais sexan aprobadas pola Xunta de Goberno, previo informe da Comisión Informativa correspondente, agardando a que por parte de Secretaría se faga unha certificación do acordo plenario adoptado no 2007 acompañado do informe emitido tamén polo Sr. Secretario, para saber a ciencia certa cales aspectos daquel acordo están vixentes e cales non ó ser ilegais, e así ter claro cal é a normativa que vai rexer.

O Sr. Alvela de TEGA di que votará a favor da proposta xa que a pesares de que non sexa a totalidade do que se solicitaba, si é un avance. Di que lle parece oportuno que as bases se informen en Comisión Informativa para unha maior transparencia e claridade e para que as contratacións sexan o menos contestadas posibles

O Sr. Martínez do PP di que votará a favor da proposta

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar as citadas bases

### **4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre da conmemoración do Día das Letras Galegas, festa da honra da nosa lingua**


Dáse conta da moción presentada polo PSdeG-PSOE na que se expón que o 17 de maio conmemórase o Día das Letras Galegas, a festa de honra da nosa lingua, da que figura como tal no Estatuto de Autonomía, e un dos dous idiomas que falan os galegos, sen embargo o galego ten dificultades para situarse en pé de igualdade no ámbito público e no seu uso administrativo, e está a sufrir unha perda continua de falantes, polo que tendo en conta o respecto ós dereitos lingüísticos de todos os cidadáns e de cada un deles; a protección e apoio ó uso público do galego, máis feble neste ámbito e manter o consenso e o acordo en torno ás linguas; a lingua une e nunca debe dividir a unha sociedade, propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Levar a cabo accións de apoio e respaldo ó uso do galegos nos distintos niveis da administración municipal

2º.- Difundir a obra e figura de Ramón Piñeiro, sobre todos entre os nenos e nenas, para que o noso patrimonio cultural perviva e se manteña nas xeracións futuras

3º.- Reafirmar o consenso como elemento central en torno ó cal deben elaborarse as políticas lingüísticas. A lingua une

Don J. Antonio Sánchez do PSde G-PSOE di que é un bo momento para aprobar esta moción dado que estamos nunha situación na que se está a utilizar politicamente unha cuestión que nunca fóra obxecto de debate político e que non só con motivo das Letras Galegas senón tamén polas campañas que se están a propiciar, con fins espúreos, é interesante que todos defendamos a nosa lingua. Di



tamén que se algunha lingua está en perigo aquí en Galicia é o galego e non o castelán.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di estar totalmente de acordo tanto co contido da moción coma co exposto polo Sr. Sánchez e de calquera que vaia no sentido de non afondar nunha brencha que se abriu fai uns meses e que nunca antes, dende os anos de autonomía, ninguén abriera.

Solicita tamén un esforzo para que os expedientes do concello estén redactados en galego

O Sr. Alvela de TEGA fai unha pequen reflexión sobre do uso do galego e do castelán, sobre todo na escola, lendo un comunicado, que serve tamén para a moción do BNG que se tratará nesta mesma sesión, e que di o seguinte:

“Se algún debate político non se traslada ó pobo, ese é sen dúbida o idiomático; hoxe en día a xente domina galego e castelán e elixe en liberdade cal deles emprega no seu ámbito privado, onde moitos optamos polo galego, esa é alomenos a miña forma de defender a nosa lingua, aquela que sempre falei e tamén aquela na que se expresan a inmensa maioría das persoas que me rodean. É por iso que rexeito o intervencionismo político, por ir en disonancia coa xente, por innecesario e confrontador; porque o galego non caracteriza e o castelán nos axuda neste mundo globalizado, porque quero ser eu quen decida e deixarlle ese legado ós que veñen detrás, por todo iso e porque as cosas son máis sinxelas do que se nos prantexan, deixemos que o pobo fale..no que queira.”


Polo exposto di que se vai abster na votación

O Sr. Martínez do PP di que dado que esta moción lles parece razoable e correcta e que a poden suscribir perfectamente, o seu voto será favorable. Malia o anterior quere facer constar unha serie de matizacións: por parte dos partidos PSdeG-PSOE e BNG estase a acusar ó seu grupo de romper a lingua, e o seu grupo quere o galego. Di que é certo que existe un problema co galego, que se están a perder galegofalantes, sobre todo no entorno urbano, pero que é curioso que todas as políticas que se levaron a cabo dende o goberno bipartido durante os últimos catro anos tampouco frenaron esa caída, por iso habería que buscar cales son os problemas e solucións a este problema

Por outra banda -di- que a postura do BNG respecto deste tema sempre estivo clara, pero que o PSdeG-PSOE estivo dando bandazos, de feito o Sr. Touriño nos últimos días de campaña electoral mudou de postura

Intervén de novo o Sr. Sánchez e di que non se debe entrar a valorar declaracións feitas por parte de uns e de outros, e que hai que centrarse no asunto, que é o apoio ó galego, e que en todo caso, a obriga do Conselleiro de Educación e do Sr. Feijoo e do PP é defender o galego, que é a nosa seña de identidade como pobo.

Xosefina R. Guitián di que quere facer algunhas matizacións sobre do exposto ata o de agora; en canto ó exposto polo Sr. Alvela sobre do uso do castelán na educación di que os educados en galegos non teñen ningún problema en usar o castelán porque o entorno no que se desenvolven: prensa, televisión, ...etc, fai que teñen que aplicar o castelán que están a aprender na escola. Sen embargo os castelán-falantes se non se lles da en galego algo máis que as propias clases de ga-



lego non acadan competencia lingüística en galego, e así o acaban de corrobora tanto o Consello de Europa como a Academia Galega.

Tamén di que o intervencionismo político é necesario e así o consentiron todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia xa no ano 1983 coa aprobación da Lei de Normalización Lingüística

En canto a que os galegos deben poder elixir di estar de acordo pero para iso é necesario coñecer tanto de forma falada como escrita.

Polo que respecta ó exposto polo voceiro do PP, Sr. Martínez, di agarda que o nomeamento de Anxo Lourenzo sexa unha volta atrás ó consenso, pero que foi o Conselleiro de Educación o que falou por primeira vez, dende un cargo de responsabilidade na educación pública, de segregación por mor do idioma. Expón que é certo que as políticas non frenaron a caídas dos galego-falantes n entorno urbano pero que o decreto do bipartito simplemente afonda nalgo aprobado por consenso no ano 2004 e que só levaba dous anos en vigor

O Sr. Alvela intervén por alusións e di que non entende como o galego está agora en perigo cando antes se estudiaba só en castelán e non desapareceu. Fai mención tamén a solicitude feita polo deputado do BNG no Parlamento Español para que a televisión portuguesa se puidese ver en Galicia e viceversa, entendendo que estes extremos quizais son os que producen rexeitamento

Por último volve a manifestar que cada quen debe poder elixir.

O Sr. Martínez intervén de novo só para manifestar que non vai existir segregación na educación


Para rematar o debate o Sr. Sánchez di que non é unha invención a proposta de preguntarlle ós pais o idioma en que queren educar ós seus fillos

Posta a votación a citada moción apróbase con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e BNG e 1 abstención de TEGA.

**5º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre do trazado da Vía da Prata**

Dáse conta da moción do PSdeG-PSOE sobre do trazado da Vía da Prata ó seu paso por este concello, na que se expón que son dous os problemas que se poden atopar no trazado e sinalización da mesma: o trazado oficial marcado pola Xunta de Galicia non se corresponde co que é sinalado in situ a través de indicadores e que existe unha duplicidade na sinalización, por un lado a marcada pola Xunta de Galicia e a que sinalou o Ministerio de Fomento aproximadamente no ano 2000, que non se corresponde coa anterior, provocando esta última grandes riscos para a integración física dos viandantes, dado que fai cruzar ós peregrinos pola N-525 nunha zona altamente perigosa e con intensidade de tráfico, polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Trasladar á Xunta de Galicia solicitude para que realicen un estudo sobre o campo de cara á modificación do trazado actual da Vía da Prata para axustalo a aquel que en realidade usan os peregrinos, así como para que procedan á resinalización deste unha vez marcado.



A Presidencia expón que no ano 1997-1998 a Xunta presentou no concello un proxecto que aprobaba a Ruta da Prata, e posteriormente o Ministerio de Fomento sinalizou na N-525 tramos onde podían cruzar os peregrinos

Expón de seguido que no ano 2002-2003 proceden a marcar a Vía da Prata que non coincide nin coa anterior da Xunta nin coa do Ministerio de Fomento, existindo polo tanto unha gran confusión neste tema, incluso no PXOM figura outro trazado,. Por todo iso considera necesaria a que Xunta de Galicia indique cal é a vía correcta.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG felicita ó grupo de goberno por esta iniciativa, que é moi necesaria.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre do 17 de maio en defensa do idioma galego**

Dáse conta da moción do BNG sobre do 17 de maio, en defensa do idioma galego, na que se expón que nos últimos tempos existen sectores que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galicia por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan esa lingua, cando a realidade é claramente á inversa, de feito un informe do Consello de Europa elaborado a finais do pasado ano advertía de que no noso país non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes na educación, xustiza, servizos públicos ou nos medios de comunicación, incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos, polo que se propón a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais

2º.- Apoiar o manifesto pola convivencia lingüística e igualdade de dereitos para o galego

3º.- Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que só lamenta que esta moción só conte, alomenos na Comisión Informativa, co seu apoio, cando a anterior presentada polo PSdeG-PSOE contaba con máis. Di que ó mellor é porque no BNG son máis críticos e apoian un manifesto que é bastante crítico, pero que non deixa dúbidas con respecto ó recoñecido polo Sr. Sánchez sobre do apoio ó galego, pero que é certo que dende Madrid co apoio de importantes medios de comunicación se intenta convencer á opinión pública de que o castelán corre risco de desaparación en Galicia.

Manifesta que lle gustaría coñecer os motivos da abstención agora que si coñecen o manifesto

Sinala que na Comisión Informativa o PP manifestou que o 3º punto non lle parecía serio ó ser moi xenérico, e que está disposta a modificar a súa redacción, proponendo "secundar as campañas e iniciativas que se promovan dende esta ad-



ministración municipal e da autonómica en defensa do idioma galego” para que non xenere ningún tipo de dúbida.

Considera lóxico que ó PP lle poida parecer algo duro o preámbulo da moción, pero que mentres ese raiolo que supuxo o nomeamento de Anxo Lourenzo non se concrete en outro tipo de feitos ou declaracións, esa fenda que se abriu nos últimos anos, co apoio de El Mundo e Galicia Bilíngüe, desconfían.

Por último dí que a postura do BNG é inequívoca, que poden ser duros no preámbulo pero non nos acordos.

O Sr. Martínez do PP di que votaron a favor da moción do PSdeG-PSOE ó ter máis puntos de consenso sobre deste tema, e que se ben coa do BNG poden estar de acordo nalgún punto, existen discrepancias noutros, manifestando a postura do PP que se concreta no seguinte:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Vedra, en relación á moción presentada ante o Pleno do BNG, expón:

Que o idioma galego é o noso sinal de identidade como pobo. O noso idioma propio é un elemento esencial da nosa autoidentificación como pobo e de integración da nosa plural sociedade.

Que ós poderes públicos lle corresponde a defensa e promoción da lingua galega, vínculo de unión entre todos os galegos, nunha sociedade, a nosa, que demanda, moi maioritariamente, o uso pacífico, libre e sen confrontacións das nosas dúas linguas oficiais

Que non podemos permitirmos que a nosa principal referencia identitaria se converta nun instrumento para a división social. Non se pode utilizar a nosa lingua como arma de enfrentamentos, divisións ou imposicións

Que a inmensa maioría dos galegos e galegas asumen libre e voluntariamente a riqueza lingüística que supón dispoñer de dúas linguas: a propia, o galego, e a común de todos os españois, o castelán

Que este principio de cooficialidade lingüística tradúcese no dereito das persoas a poder escoller a lingua oficial que consideren oportuna. Trátase, polo tanto, de conxugar a protección e promoción da nosa lingua propia, o galego, co respecto á liberdade lingüística

Polo que presenta un texto alternativo de acordo, que sería o seguinte:

O Concello de Vedra insta á Xunta de Galicia a:

1.- Consultar cos sectores implicados en materia educativa, en especial cos pais e nais, a definición dun modelo lingüístico que garanta a convivencia harmónica das súas linguas

2.- Articular un modelo que garantice, ó remate das etapas educativas, a igual competencia nas dúas linguas oficiais, atendendo á liberdade lingüística como á promoción do galego

3.- Rexeitar as políticas de imposición e sanción en materia lingüística en prol de políticas de promoción e fomento da lingua galega”

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que agora que coñecen o manifesto pola convivencia votaran a favor da moción



Di que o Pleno de Vedra debería por unanimidade apoiar, sen parches, todas as iniciativas que teñan como finalidade apoiar o noso idioma

Intervén de novo dona Xosefina R. Guitián agradecendo polo menos a abstención do PP neste tema, quizais debido a que estamos nun concello maioritariamente galego-falante.

En canto á súa moción alternativa di que non está de acordo porque cree que se están a poñer moitas pegas a determinados puntos da súa, e sen embargo non achegan nada novo, dado que o que se sinala no punto 1º xa existe e con respecto ó apartado 2º é o que se está a intentar. Polo que respecto ó rexeitamento das políticas de imposición e sanción di que non entende tal imposición, dado que dende que se legisla algo se alguén non o cumpre é sancionado

Posta a votación a moción do BNG apróbase con 7 votos da favor do BNG e PSdeG-PSOE e 6 abstencións do PP e TEGA

### 7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Costa do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- En canto á canalización do regato de Canicoba de San Mamede, di que estivo alí co Sr. López Alvela e que o que hai pasa polo fondo da aldea, descoñecendo se se trata ó mellor dunha presa

2.- Polo que respecta á marquesiña de Rozadela, di que xa se arranxou varias veces e que agora se falou co Sr. Vidal para que se faga cargo a Deputación, o ser cristais co logotipo da Deputación. De non ser así o concello repoñera a marquesiña cuns cristais normais

3.- Á pregunta sobre da Pista de Neira de Abaixo que está bacheada

4.- En canto ó parque de Feal , di que foi un homenaxe ó Delegado de Agricultura, e que o que está a facer o concello é limpala, pero que no seu momento manifestou que non tiña moito sentido a súa ubicación e que o se debe facer é retirar os aparellos dado que nunca se utilizaron pola súa ubicación e a falta de nenos


5.- Á pregunta sobre da fonte de Trasariz, que non sabe cal é e que tampouco hai solicitudes dos veciños

6.- Sobre dos custos de electricidade do local de San Xián, que antes se pagaban ó utilizarse como consultorio médico, pero que agora non se utiliza como tal e ó ser privado debe pagalo a Asociación de Veciños como acontece con outros do concello

7.- Polo que respecta ó saneamento de San Xián que a depuradora está operativa, e de feito as conexións están vertendo e estase depurando

8º.- Sobre da estrada Vedra-Santa Lucía, di que na Deputación lle informaron que o custo supón un incremento do 40% e que agora existen dúas posibilidades: que a empresa acepte o orzamento e a faga e outra que non acepte o incremento e polo tanto terase que licitar de novo

9º.- En canto á renuncia de membros do tribunal para a praza de limpador/a de locais públicos, di que renunciaron por motivos familiares e de amizade cos admitidos para as probas





--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG no mes de abril, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do enganche á rede de abastecemento, di que cando queiran os veciños poden engancharse. Di que o que existe en Ponte Ulla é unha pequena discrepancia cos orzamentos da empresa , porque á acometida hai que sumarlle os gastos de contador, e ós veciños consideran o prezo elevado. Pero que tamén existe a posibilidade de que os veciños fagan polo súa conta as obras e a empresa adxudicataria do servizo cobrarlle só ó enganche

2.- Sobre do proxecto da ponte sobre da estrada N-525 en Santa Cruz, di que o proxecto examinouno en A Coruña fai uns sete meses, pero a súa execución que se levará a cabo xunto con outros proxectos e todo Galicia, polo que considera que non vai a ser pronto

3.- Sobre da colocación de badéns, di que algúns se colocaron á pedimento de veciños e que tamén se solicitou á Deputación a elaboración dun estudio nos seus tramos

--Tamén e con respecto ás preguntas das vivendas de Xián -Trobe, de plenos anteriores, a Presidencia informa ó pleno da celebración da reunión que estaba pendente no concello cos representantes do complexo inmobiliario, os técnicos municipais e o asesor xurídico, manifestando este último na mesma que dende o concello se actuara con absoluta rigurosidade

Di que o problema está sen solucionar nestes momentos. Con respecto ó problema da auga, cando a rede de abastecemento, prevista ata o CPI de Vedra, estea rematada, verase a forma de enganchar non so ós veciños do complexo senón tamén ós demais veciños da zona

O tema do saneamento é máis complicado, que a día de hoxe non hai depuradora pero que nuns días se falará con don Javier Curros, da promotora, para que informe do que teñen previsto levar a cabo

Por último informa da posibilidade da que se falou na citada reunión de poder conectar as augas depuradas ata un regueiro próximo, e solucionar así momentaneamente o problema, polo que en principio vaise facer un estudio con Augas de Galicia e os técnicos municipais para ver se é factible esta solución momentánea.

## 8º.- Rogos e preguntas

--Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas

Antes de nada manifesta o seu agradecemento polo artigo en memoria de Mariano Lema Pérez

1.- Examinadas as actas das Mesas de Contratación do FEIL , obsérvase que no caso da Edificación Multiusos de Trobe, hai 2 empresas non admitidas ó concurso (Xerustro, S.L e Nortyeso, S.L) pero non se reflicten na acta os motivos. Cales son?



2.- Cal é o motivo de que este ano pagar o concello as comidas servidas na Festa do Viño? Pénsase facer isto con máis festas do concello?. A quen se lle pagan as comidas?

3.- Unha Resolución da Alcaldía informa da ausencia do termo municipal do Sr. Alcalde e do concelleiro Eloy Iglesias, durante os días 22, 23 e 24 de abril. Trátabase dunha viaxe institucional? De ser así, de cal?

4.- Arranxáronse xa os baños da Casa de Cultura de S. Xián?

5.- Por qué non se subvenciona o transporte das excursións da gardería municipal, como se subvencionan o resto de excursións escolares?

6.- Cal é o motivo de pagar unha gratificación a un arquitecto que figura contratado por substitución dunha persoa? O concepto lóxico non é o de soldo

7.- Cal é a situación actual das vivendas unifamiliares de Xián en Trobe?. Fixeron os técnicos do concello algún informe que avalara a seguridade do muro de contención?

En caso de que siga sen contestar a pregunta feita por unha veciña no pleno de marzo: Promociones Vengalicia ten licenza de obra para a depuradora que daba un servizo deficiente ás vivendas cando se acadaron a licenza de 1ª ocupación?


8º.- Hai 4 vivendas sen licenza de 1ª ocupación; cal é o motivo de que non se lles de?

9º.- O día 13 de marzo deste ano demoleuse por empregados e maquinaria do concello un dos palcos de música do Campo da Festa de S. Miguel de Sarandón, tal e como consta no proxecto aprobado con acargo ó FEIL. Nembargantes, o concello non solicita permiso a Patrimonio para esta obra ata o día 16 de marzo. Como é que o concello tira unha construción nun ámbito afectado por protección integral de Patrimonio, como é esa zona entre Igrexa e Cruceiro, sen o permiso de Patrimonio?

10.- Ante as queixas recibidas pro algún veciño, e a miña propia experiencia, respecto a ausencia reiterada do Sr. Secretario-Interventor a primeiras horas da mañán, quero que se me informe do horario deste funcionario, xa que non parece ser o habitual de oficina.

11.- Solicito do grupo de goberno se encargue de informarnos ós membros da oposición, de para que tipo de información temos que pedir autorización pro escrito ó Alcalde, e de a cal información e cales fotocopias podemos acceder sen acreditar tal autorización, e que se informe asimesmo disto ós funcionarios e funcionarias de oficina. Segundo o manual de apoio a cargos institucionais editado pola Xunta e repartido no propio Concello, e segundo os artigos 14, 15 e 16 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os concelleiros e concelleiras temos acceso directo á información, así como a obtención de copias naqueles asuntos que teñen que ser tratados nos órganos colexiados dos que formamos parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órganos municipal. Sen embargo, atopeime varias veces con que se nos negan copias de expedientes que van a pleno, ou de acordos tomados no concello, como recentemente o do Convenio Paz Camps. De haber unha interpretación diferente da Lei á que eu aludín, infórmenenos por escrito. Infórtese tamén ás funcionarias que atenden a administración, pois non podemos estar pendentes de que esté ou non o Sr. Secretario para decidir, dado o especial horario que parece ter esete señor. Tampouco podemos estar ó libre albedrio o mellor ou peor día de políticos ou funcionarios.

12.- Ante a chegada do verán, rogo se verifique o correcto estado das áreas recreativas, de baño, e rutas de sendeirismo



13.- Rogo tamén, que no caso da área recreativa de Agronovo, se mire a posibilidade de que o posto de xeados e bar que a Asociación que xestiona a área adoita poñer no verán, enchufen a luz á corrente xeral aproveitando a corrente que vai para os casetos de baños e almacén, de ser posible. De non o ser, e ter que seguir usando o xenerador, rogamos se coloque o xenerador o máis alonxado do río, xa que a contaminación ambiental e acústica réstalle case todo o encanto a un lugar, por outra banda, dos mellores do concello para o ocio estival.

14º.- Rogamos, tamén, que nesta mesma área, se limite o acceso dos coches, salvo para carga e descarga, ata a mesma beira do río, xa que por veces o espazo que debía ser para esparcemento e lecer das persoas, está ocupado completamente por coches.

--Don Carlos Martínez Carrillo do PP formula as seguintes preguntas:

1.- Que pasos se deron para solucionar o problema de Xián, tal e como se comentou no pleno de abril?

2.- En que trámite está o cambio de alumeado do campo municipal de O Coto, que tiña que estar feito xa fai meses?

3.- Sr. Alcalde, como vostede sabe, unha das preocupacións do Grupo Municipal Popular é a obra da estrada Vedra -Santa Lucía, obra pola que este grupo se ven interesando en practicamente todos os plenos pola necesidade que representa esta actuación para os veciños deste concello. Como está este tema? Que xestións se fixeron dende o grupo de goberno neste último mes por esta obra?

4.- Cando van a comezar as outras obras de saneamento contratadas?

5.- A raíz da información da prensa e televisión sobre da urbanización Miradoiro de Sales, tomou ou vai tomar o Grupo de Goberno algunha medida para paliar o aspecto lamentable que está a dar do concello?

6.- As obras de ampliación da pista de Cibrán a Oza, cando se van a executar? A que se debe tanto retraso xa que o prazo de execución xa hai tempo que acabou?

Rogos:


1.- Rogamos que cando se limpen as cunetas, non deixen taponadas ou obstruídas as mesmas

2.- Volvemos a rogar que de maneira urxente se repare no campo municipal de fútbol de O coto os regadores do céspede, pois de non facerse pronto se deteriorará o terreo de xogo. Asimesmo que se reparen os postes que soportan a maia protectora

3.- Algúns veciños do lugar de calnazde en San Xián trasladáronnos a necesidade de ensanchamento dun camiño entre esta aldea e pista que va á casa do Sol, obras que de ser factible, poderíase realizar coa pala municipal, polo que SOLICITAMOS que se estudie esta demanda e que se lle intente dar unha resposta eficaz á maior brevidade posible

4º.- Igualmente algúns veciños solicitáronnos que se estudie a posibilidade de instalar unha sinal de límite de velocidade na pista que baixa dende O Terrón a Illobre, pois ó parecer algúns vehículos circulan a unha velocidade excesiva creando un perigo innecesario.

9º.-- Rogos e preguntas veciñais



A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

--Don Inocencio Álvarez , en calidade de Presidente da Asociación de Veciños da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, roga que o concello adopte as medidas oportunas para exixirlle ó propietario do antigo Mesón Os Palmeiros que acondicione o inmovible, colocando polo menos unhas portas de entrada .

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos

